

CONTIDOS MÍNIMOS 4º ESO

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR

- escoita e visionamento comprensivo de textos orais do ámbito audiovisual.
- Análise guiada de textos orais.
- Análise guiada de textos publicitarios.
- escoita comprensiva de presentacións orais e relatorios. escoita comprensiva e análise de textos orais de diversa índole.
- Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
- escoita reflexiva que permite identificar prexuízos e mensaxes discriminatorias.
- Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción de textos orais, de técnicas para aprender a falar en público e uso das TIC.
- Adecuación. Coherencia. Cohesión. Corrección. Prosodia. Actitudes. Normas de cortesía.
- expresión oral: participación activa en conversas de diversa índole.
- expresión oral: reflexión sobre os textos.
- expresión oral: exposición breve.
- Valoración da lingua oral como un instrumento de aprendizaxe e de relación social.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA LER E ESCRIBIR.

- Actividades de comprensión textual.
- A correspondencia formal.
- Consulta de diversos materiais complementarios.
- Resumo e comentario dos contidos do libro.
- Análise e interpretación de mapas e gráficos.
- Lectura e análise de textos argumentativos de diversa índole.
- Comprensión e interpretación de textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.
- Comprensión e interpretación das mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.
- Usos lingüísticos discriminatorios.
- Os xornais dixitais. Características dos xornais dixitais. Algúns xornais dixitais en galego
- Uso de técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).
- As redes sociais. Vantaxes e desvantaxes das redes sociais.
- expresión escrita: emprego do procesador de textos.
- expresión escrita: redacción dunha instancia. Redacción de cartas formais
- expresión escrita: redacción de textos argumentativos breves.
- Poesía e música galega na actualidade.

BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA

- Uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.
- Recoñecemento e uso das formas verbais da lingua galega e das perífrases.
- Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras (prefixos e sufixos)
- A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias (apertura das vogais de grao medio, o *n* velar ou a entoación).

- Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico
- Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica.
- Orde dos elementos na oración. A sintaxe: unidades e funcións.
- Subordinación, coordinación e interdependencia.
- A frase: simple e complexa.
- Cláusulas e oracións.
- O predicado.
- O complemento directo. Identificación. Unidades que funcionan como CD.
- O complemento indirecto. Identificación. Unidades que funcionan como CI.
- O atributo. O Predicativos
- As cláusulas subordinadas: substantivas, adxectivas e adverbiais.
- As oracións. Oracións bipolares. Oracións coordinadas.
- Recoñecemento e uso dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e os conclusivos, e mais dos mecanismos de cohesión textual.
- O parágrafo. A estrutura interna dos parágrafos.
- A intención do texto: denotación e connotación.
- Os textos argumentativos. Características e estrutura. Análise dun texto argumentativo.
- Análise e expresión textual.
- Desenvolvemento dunha competencia comunicativa integrada.

BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE

- O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Lusofonía: a súa importancia no século XXI.
- Situación sociolingüística actual en Galicia.
- A planificación lingüística: normativización, normalización e superación de prexuízos.
- Evolución da lingua galega e etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.
- Situación sociolingüística e legal das linguas de España.
- Prexuízos lingüísticos.
- Variación interna das linguas. A Variedade estándar e a súa función.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

- Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
- As Irmandades da Fala. O Seminario de Estudos Galegos. O Partido Galeguista.
- Feitos históricos en Galicia.
- Ramón Cabanillas. Biografía. A obra literaria de Cabanillas.
- Os tempos do Grupo Nós. O Grupo Nós. Características do Grupo Nós.
- Castelao. Características da súa obra.
- Vicente Risco: Vida e obra.
- Otero Pedrayo. A obra: temática e claves ideolóxicas; estilo.
- As Vangardas e a Xeración de 1922. O tempo das Vangardas. Manuel Antonio: vida e obra.
- Rafael Dieste: a renovación da prosa.
- Galicia na Guerra Civil e na ditadura (1936-1975).A Guerra Civil.
- A posguerra: tempo de represión.
- Feitos históricos en Galicia.

- Literatura do exilio.O traballo cultural dos exiliados.
- Luís Seoane: vida e obra.
- Eduardo Blanco Amor. A obra narrativa de Blanco Amor.
- Álvaro Cunqueiro: unha vida marcada pola literatura. Os mundos narrativos de Cunqueiro. A obra poética e teatral de Cunqueiro.
- Ánxel Fole: perfil biográfico. A obra narrativa de Fole.
- Novas voces na narrativa. A Nova Narrativa Galega. Os autores da Nova Narrativa.
- Xosé Neira Vilas. Xosé Luís Méndez Ferrín. Carlos Casares. María Xosé Queizán.
- A poesía galega durante a ditadura.
- Os poetas da Xeración do 36.
- Poetas da Promoción de Enlace.
- Xeración das Festas Minervais ou Xeración dos 50.
- Autores máis salientables da Xeración dos 50.
- Celso Emilio Ferreiro. Biografía. A obra de Celso Emilio Ferreiro. Temas principais na obra de Celso Emilio Ferreiro. Obra poética de Celso Emilio Ferreiro.
- A Galicia contemporánea (de 1975 a hoxe). Os cambios dende 1975. Un novo marco político para Galicia. Feitos históricos en Galicia.
- A narrativa galega de 1975 á actualidade.
- Panorámica xeral. Periodización. Temática.
- A consolidación da literatura infantil e xuvenil.
- A poesía galega de 1976 á actualidade.
- A ruptura co socialrealismo.
- A xeración dos 80.
- A xeración dos 90.
- Poetas de comezos do século XXI.
- O teatro dende 1973 á actualidade.
- Situación xeral.
- O Grupo Abrente.
- A promoción dos 80.
- A promoción dos 90.
- Selección, lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
- Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
- Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
- Consulta de fontes de información variadas e de recursos das TIC.
- Creación de textos narrativos breves, creación de textos dialogados, creación de textos poéticos.
- Gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

FERRAMENTAS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

3.3. Avaliación (ferramentas e criterios de cualificación) 4º ESO

Se atendemos ao espírito da norma debemos recoñecer a avaliación como instrumento de medir o grao de consecución dos obxectivos propostos, e a adecuación da metodoloxía empregada no proceso de aprendizaxe. Con esta intención tentamos recoller e valorar todos os contidos desenvolto (conceptuais e procedementais).

Así obteremos a nota de avaliación:

Ata un 60% por resolución de exames. Probas (exposición escrita, preguntas obxectivas de resposta breve ou de opción múltiple, preguntas abertas, resolución de exercicios) que demostrarán a asimilación de conceptos e a aplicación destes na resolución de situacións propostas. Para que se poida optar ao aprobado final ou parcial a nota deste apartado non deberá ser inferior nunca a un 3'5 sobre 10 puntos.

(Exemplo de distribución valorativa, cuarto curso)

- 1) Análise de texto. Actividades de comprensión e expresión: vocabulario (definicións, campos semánticos e outras relacións lexicais), resumos e esquemas. (15%)
- 2) Actividades de morfosintaxe (diferenciación de estruturas básicas). (25%)
- 3) Análise da Comunicación. Clasificación dos xéneros da información audiovisual ou composición dun texto con características dadas. (10%)
- 4) Sociolingüística. Definicións ou comentarios de texto. (10%)
- 5) Historia da Literatura. Periodización. Actividades de comprensión e comentario dirixido. (40%).

· **As faltas de ortografía restarán nas probas escritas: -0,10 (nunca a falta reiterada) ata un máximo de 1,5 puntos por proba.**

Ata un 25% por exercicios da clase, lecturas, traballos individuais e grupais, tarefas na aula e da casa (creación de textos...)..., resolución de **procedementos** aplicados na aprendizaxe.

- **A proba que se realice para comprobar a lectura do libro, que será oral ou escrita, non excederá de 1,5 puntos.**
- **Non realizar as tarefas marcadas, non ter o material (caderno, libro...) en situacións reiteradas, restará -0,10, ata un máximo de 1 punto por avaliación.**

Ata un 15% no control e capacidade oral. Neste apartado avalíase a capacidade lingüística (incorporación de léxico, autonomía oral, modulación, entoación, prosodia, fonética...) e actitude oral (interese por incorporar o dominio lingüístico a todos os actos de comunicación na aula) **Neste apartado puntuarán: debates, presentacións ou exposición orais, gravacións en vídeo ou audio..., exames orais (libro de lectura)**

3.4 Avaliación oral (1º, 2º, 3º, 4º)

A competencia oral do alumnado (tanto capacidade como actitude oral), correspondente ao bloque de expresión oral e comprensión oral, permite unha análise secuenciada ao longo do período avaliativo, esta análise secuenciada constatarase mediante a observación diaria das súas intervencións na aula e nas exposicións orais tanto individuais como en grupo ou en parella. Para este fin empregaremos escalas de valoración cos seguintes criterios: adecuación, interacción, coherencia e cohesión, pronuncia e entoación, gramática e léxico. Puntúa no apartado de control e capacidade oral.

3.5 A Recuperación

Diferénciase entre aqueles contidos que precisan dunha asimilación progresiva e polo tanto forman parte da avaliación continua (non se someterán a exame de recuperación) e aqueloutros que podemos considerar terminativos (etapas literarias, sociolingüística...) que si serán recuperables despois de cada trimestre.

3.5.2 A Recuperación (3º e 4ºESO)

Despois de cada avaliación suspensa pódese recuperar por medio dun exame trimestral. En xuño haberá a opción de recuperación global antes da avaliación ordinaria.

3.6 Avaliación ordinaria e extraordinaria

Tanto o exame final como o extraordinario de setembro avalían o manexo máis conceptual da materia, non obstante, aínda conseguindo unha competencia mínima nestes conceptos, deberase demostrar tamén unha

habildade aceptable na expresión comunicativa: adaptación ás propiedades textuais (adecuación, coherencia, cohesión e gramaticalidade). Ambas as probas avaliaranse entre: 0-10 puntos.